



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

---

D<sup>a</sup> Míriam Naveira Dono, Secretaria do Concello de Outes (A Coruña),

### **CERTIFICA:**

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada con data de 14/05/2018, aprobou as seguintes bases e convocatoria de selección de personal:

### **BASES DA CONVOCATORIA PARA CONTRATAR OS MONITORES E SOCORRISTAS DA CAMPAÑA DE VERÁN 2018.**

1º) **OBJECTO DA CONVOCATORIA.** A selección, mediante concurso de méritos, de traballadores para desempeñar as funcións de monitores de tempo libre, socorristas, e monitores de piragüismo e vela durante a campaña de verán 2018.

2º) **NÚMERO DE PRAZAS.** Doce monitores de tempo libre, cinco socorristas, un monitor de piragüismo e outro de vela.

3º) **TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO.** Son contratos laborais temporais para a realización de servizo determinado (actividades de campamento urbano de verán, socorrismo nas praias de Outes, e actividades de tempada de piragüismo e vela), a xornada completa (corenta horas/semana). A duración dos contratos é a seguinte: - monitores de tempo libre: dende o día de inicio ó día de finalización do campamento urbano, ámbolos dous incluídos. - socorristas: Os días 16, 17, 23 e 24 de xuño de 2018; do 01/07/2018 ao 31/08/2018 e os días 1, 2, 8, 9, e 15 e 16 de setembro de 2018. - monitor de piragüismo: do 1 de xullo ao 15 de setembro de 2018. - e monitor de vela: do 1 de xullo ao 31 de agosto de 2018.

4º) **OBJECTO DO CONTRATO.** Os monitores de tempo libre realizarán as tarefas de coidado e vixilancia dos nenos que participen no campamento urbano de Outes e de organización de xogos e actividades lúdicas incluídas na súa programación.

Os socorristas realizarán os traballos de vixilancia e salvamento de persoas nas praias do municipio de Outes, en réxime de dispoñibilidade plena.



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

---

Os monitores de piragüismo e de vela realizarán os traballos de ensinanza e adestramento dos participantes nos cursos desas especialidades deportivas que organice o Concello.

5º) REQUISITOS XERAIS DOS ASPIRANTES. Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

a) Ser español, nacional doutro estado membro da Unión Europea, cónxuxe dos anteriores que non estea separado de dereito, ou descendentes menores de 21 anos de idade ou maiores e dependentes deles. Tamén poden participar as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais convidados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa aplicable a libre circulación de traballadores. Os aspirantes non residentes en España, que non teñan a nacionalidade española ou de calquera outro estado da Unión Europea, deberán achegar á súa solicitude o documento que xustifique o cumprimento da condición que aleguen.

b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non superar a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Ter o título que sinala a Base 6ª ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes. As titulacións obtidas no estranxeiro deberán ser obxecto da correspondente convalidación ou homologación.

d) Posuír capacidade funcional para desempeñar as tarefas propias dos postos de traballo.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións públicas ou dos organismos constitucionais ou estatutarios, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por resolución xudicial.

f) Non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual (artigo 13, apartado 5 da lei 26/2015, do 28



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

---

de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia)

### **6º) REQUISITOS PARTICULARES DOS PARTICIPANTES.**

- Monitores de tempo libre: os candidatos deberán ter o título de monitor de tempo libre.

- Os socorristas deberán reunir as seguintes condicións: a) A habilitación profesional para exercer a actividade de socorrismo en espazos acuáticos naturais. b) Estar inscritos no Rexistro profesional de socorristas acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto da Xunta de Galicia 104/2012, do 16 de marzo -DOG nº 67, do 9.04.2012 e Decreto 35/2017, de 30 de marzo de modificación do mesmo). c) Estar en posesión da autorización federativa para o manexo de embarcacións a motor (titulín).

- Monitor de piragüismo: deberá ter o título de monitor de piragüismo ou equivalente.

- Monitor de vela: deberá ter o título de monitor de vela ou equivalente.

7º) PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA. Esta convocatoria publicarase na páxina web do Concello [www.outes.gal](http://www.outes.gal), nun dos xornais de mais tirada na comarca e no taboleiro de anuncios do Concello.

8º) SOLICITUDES. As persoas interesadas deberán presentar a correspondente solicitude dirixida á Sra. Alcadesa, axustada ao modelo que se prevé no Anexo I destas bases, á que achegarán os seguintes documentos: a) fotocopia compulsada do DNI; b) fotocopia dos títulos e autorizacións esixidas; c) fotocopia compulsada da documentación que xustifique os méritos que se aleguen; d) declaración responsable de non estar inscrito no Rexistro Central de delincuentes sexuais e compromiso de certificación negativa se é seleccionado/a; e) declaración de atoparse apto para a realización das probas físicas desta convocatoria.



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

---

Se algunha desta documentación xa estivera en poder do Concello, deberase indicar esta circunstancia expresamente e a anualidade en que se presentou.

9º) PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES. O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día 21 de maio de 2018 e rematará o vindeiro día 31 de maio ás 14.00h.

As solicitudes poderán presentarse na sede electrónica do Concello; correspondente á dirección de referencia "<https://sede.outes.es>", que está accesible directamente a través do portal do Concello [www.outes.gal](http://www.outes.gal); ou presencialmente no rexistro xeral do Concello, de luns a venres, en horario de 9:00h a 14:00h e tamén en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das AA.PP.

### 10º) ADMISIÓN.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Sra. alcaldesa aprobará a lista de admitidos e excluídos, na que se indicarán, se é o caso, os motivos de exclusión e concederase un prazo de subsanación dos motivos de exclusión. Unha vez rematado dito prazo, aprobarase, polo mesmo órgano, a lista definitiva de admitidos neste proceso selectivo e tamén as datas previstas da realización das probas aos aspirantes.

A lista, ó igual que todos os acordos e resolucións do tribunal publicarase na páxina dixital do Concello- [www.outes.gal](http://www.outes.gal) - e no taboleiro de anuncios do Concello, identificándose aos aspirantes co seu nome e apelidos.

### 11º) MÉRITOS

1. Os cursos, xornadas e seminarios de formación relacionados cos postos de traballo que se convocan e que sexan realizados ou impartidos polas Administracións públicas ou federacións deportivas, ou homologados por elas, ata un máximo de 2,00 puntos:

-de menos de 15 horas: 0,10 puntos;



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

---

- de 16 a 40 horas: 0,20 puntos;
- de 41 a 70 horas. 0,35 puntos;
- de 71 a 100 horas: 0,50 puntos;
- de máis de 100 horas: 0,75 puntos.

Outras titulacións relacionadas co posto: 0,75 puntos.

### 2. Experiencia

- De monitor na correspondente especialidade no Concello de Outes, 0,25 puntos/mes.

- De monitor na correspondente especialidade noutras Administra-cións públicas ou empresas privadas, 0,20 puntos/mes.

Os servizos prestados por tempo inferior a un mes puntuaranse proporcionalmente tomando como base un mes de 30 días.

A experiencia acreditarase mediante certificación expedida pola administración correspondente na que se faga constar a duración dos servizos prestados, denominación do posto e tarefas desenvoltas, ou mediante certificado de empresa.

A puntuación máxima que se pode acadar pola experiencia será de 4,00 puntos.

### 3. Probas de aptitude física.

Os socorristas realizarán as seguintes probas de aptitude física, que terán carácter obrigatorio e eliminatorio, e serán as adecuadas para comprobar a existencia da capacidade necesaria para as función que van realizar e cualificaranse como APTO E NON APTO.



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

---

A- 100 MTS. COMBINADA DE SALVAMENTO

B- 50 MTS. RESCATE DE MANEQUÍN

O desenvolvemento dos exercicios celebrarase na Piscina Municipal. Para que a realización dun exercicio sexa considerada como APTO, ademais de realizalo da forma que indica o regulamento, deberá executarse nun tempo de:

A) 100 MTS. COMBINADA DE SALVAMENTO, inferior a 2'45" (2 minutos e 45 segundos).

B) 50 MTS RESCATE DE MANEQUÍN, inferior a 1'25"(1 minuto e 25 segundos).

Os aspirantes que non realicen debidamente, en tempo e forma tódalas probas serán declarados non aptos e quedarán eliminados do proceso de selección.

4. Entrevista curricular. Ten por finalidade avaliar a dispoñibilidade do aspirante, a súa adecuación ao posto de traballo convocado e o seu perfil curricular. Puntuarase ata un máximo de 3,00 puntos e poderase prescindir da entrevista se o número de aspirantes admitidos non superan o de postos de traballo que se convocan. O tribunal pode decidir non convocar á entrevista a aqueles candidatos que, pola puntuación que obtiveron nos méritos de formación e experiencia, non poidan acceder aos dezoito primeiros postos da lista de monitores de tempo libre, aos dez primeiros postos da lista de socorristas ou aos cinco primeiros postos nas listas de monitores de piragüismo e de vela. Os aspirantes serán convocados á entrevista por anuncio na páxina dixital da Corporación [www.outes.gal](http://www.outes.gal) cunha antelación mínima de 24 h e a falta de presentación do aspirante significará a súa eliminación do proceso selectivo.

### **12º) TRIBUNAL CUALIFICADOR:**

- Presidente: o técnico de xestión orzamentaria ou funcionario en quen delegue.



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

---

- Vogais: o dinamizador cultural e xuvenil, a traballadora social e a educadora familiar do Concello que actuará como secretaria, ou funcionarios en quen deleguen.

O tribunal recadará o apoio do técnico de deportes do Concello, D. Alejandro Pombo Ramos, para a realización das probas de aptitude física.

Os membros do tribunal terán dereito ás indemnizacións por asistencias consonte os artigos 29 e seguintes do Real decreto 462/2002, do 24 de maio. Para este efectos o tribunal inclúese na categoría segunda do artigo 20 da dita norma. A estes efectos prevese un máximo de catro sesións por categoría convocada.

### **13º) PUNTUACIÓN FINAL E NOMEAMENTO.**

Os candidatos seleccionados serán os que obteñan máis puntuación global. En caso de empate, terá preferencia o que acredite máis experiencia en traballos para o Concello de Outes, de persistir o empate terase en conta:

- O ter acadado unha puntuación máis alta no apartado de experiencia;
- A maior antigüidade como desempleado.

Rematado o proceso selectivo o tribunal formulará a proposta de resolución que conterá os participantes ordenados por puntuación de xeito decrecente. Á vista da antedita proposta, o órgano competente nomeará os candidatos que obtiveron máis puntuación ata cubrir o número de prazas convocadas. Co resto de candidatos admitidos formaranse bolsas de traballo para cubrir posibles renuncias ou outras vacantes, ou para atender necesidades imprevistas. O nomeamento do persoal seleccionado publicárase na páxina dixital da Corporación.

### **-Regras de funcionamento da bolsa de emprego:**

1) O/A aspirante disporá dun prazo máximo de cinco días hábiles desde o chamamento a través de medios electrónicos para presentar a correspondente documentación acreditativa (certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais e certificado médico de estar apto



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

---

para as tarefas a desenvolver). No suposto de non presentación, entenderase que rexeita a oferta e situarase ó final da bolsa. Se o rexeitamento tivese lugar por dúas veces consecutivas, será excluído da bolsa.

2) Naqueles supostos nos que se rexeite a oferta alegando incapacidade laboral transitoria, maternidade ou paternidade, manterase a orde da bolsa. A concorrencia das anteriores circunstancias deberá quedar suficientemente acreditada mediante calquera medio admisible en Dereito.

3) Quen, no seu caso, resulte contratado, volverá a ocupar o mesmo lugar na bolsa de emprego unha vez remate o contrato.

Os aspirantes seleccionados presentarán, no prazo de cinco días hábiles, o certificado médico de non padeceren enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes.

### **14º) FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

Os contratos formalizaranse por escrito cos aspirantes seleccionados no prazo máximo de cinco días des que se publique o nomeamento. Os candidatos seleccionados presentarán a certificación negativa de inscrición no Rexistro central de delincuentes sexuais e certificado médico oficial de estar apto para desempeñar os traballos encomendados. O contrato de traballo quedará suxeito a un período de proba de quince días, agás no caso dos monitores de tempo libre, que será de cinco días.

### **15º) RETRIBUCIÓN.**

- Monitores de tempo libre: 509,17 €/total contrato.
- Socorristas: 1.297,37 €/mes e nos meses de xuño e setembro a parte proporcional de dita contía en función da xornada laboral.
- Monitor de piragüismo e de vela: 898,54 € mensuais.

As retribucións anteriores teñen carácter bruto e inclúen a parte proporcional das pagas extraordinarias.

### **16ª) NORMATIVA REGULADORA.**





## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

---

A convocatoria réxese polas presentes bases, o regulamento de selección de persoal laboral da Corporación e as normas reguladoras do persoal ao servizo das Administracións públicas. A presente convocatoria e todos os actos administrativos que dela se deriven estarán suxeitos ás Leis 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O contido da relación laboral réxese polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo RD legislativo 1/1995, do 24 de marzo, do estatuto dos traballadores, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e as súas disposicións complementarias.

### **17º) PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

De acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos que se faciliten para participar neste proceso de selección incorporaranse nun ou varios ficheiros cuxo responsable é o Concello de Outes con sede na rúa da Vila n.º 1 OUTES, onde se poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Coa participación no proceso de selección, as persoas interesadas consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello para os efectos da publicidade esixida no procedemento de contratación, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

---

E para que así conste ós efectos oportunos expido a presente, co visto e prace da Sra. Alcaldesa-Presidenta,

Outes, a 18 de maio de 2018.



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

---

Vº e pr,

A Alcaldesa,

A Secretaria da Corporación,

Asdo.- Dª María Beatriz Molinos Vidal

Asdo.- Dª Míriam Naveira Dono

---

*Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 52.1 da Lei 7/85 do 2 de abril de Bases de Réxime Local, 116 e 117 da Lei 30/92 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, a contar desde o seguinte á súa notificación/publicación, ante o mesmo órgano que ditou o acto, recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados na mesma forma, ante o Xulgado de o Contencioso-Administrativo, con arranxo ao sinalado nos artigos 8.1, 25.1 e 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (segundo redacción dada por a Lei 19/03 do 23 de decembro) ou calquera outro recurso que estime pertinente.*